

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

6798 *Real decreto 473/2014, do 13 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois.*

O Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois, incorpora nun único texto regulamentario as disposicións relativas aos xeradores de aerosois, incluíndo as previsións da Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores de aerosois, segundo resulta modificada para a súa adaptación ao progreso técnico polas directivas 94/1/CE e 2008/47/CE.

Na Directiva 75/324/CEE do Consello, do 20 de maio de 1975, recóllese unha clasificación dos aerosois como «non inflamables», «inflamables» ou «extremadamente inflamables», segundo os criterios de clasificación previstos no anexo. Cando un xerador de aerosois está clasificado como «inflamable» ou «extremadamente inflamable» debe levar o símbolo da lapa e as frases de seguridade S2 e S16 establecidas na Directiva 67/548/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1967, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas.

Mediante o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e se derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006, harmonízanse a clasificación e a etiquetaxe de substancias e mesturas na Unión. Este regulamento incorpora á Unión os criterios de clasificación e etiquetaxe de substancias e mesturas propios do Sistema globalmente harmonizado de clasificación e etiquetaxe de produtos químicos, que se adoptou a escala internacional no marco das Nacións Unidas.

Con posterioridade foi aprobada a Directiva 2013/10/UE da Comisión, do 19 de marzo de 2013, pola que se modifica a Directiva 75/324/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores de aerosois, co fin de adaptar as súas disposicións en materia de etiquetaxe ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

Ao elaborar este real decreto, mediante o que se incorpora ao dereito español a dita Directiva 2013/10/UE da Comisión, tívose en conta ademais o disposto no artigo 5 do Real decreto 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo.

Conforme establece o artigo 62 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008, o disposto nos seus títulos II, III e IV será de aplicación para as mesturas a partir do 1 de xuño de 2015. Tendo isto en conta e co fin de evitar cargas innecesarias ás empresas, o real decreto contén unha disposición transitoria sobre a exixibilidade dos novos requisitos, sobre a etiquetaxe voluntaria antes desa data e finalmente sobre a nova etiquetaxe dos xeradores de aerosois comercializados antes do 1 de xuño de 2015 que conteñan mesturas e se etiquetasen conforme as disposicións aplicables antes desa data.

Durante a tramitación deste real decreto efectuouse o trámite de audiencia previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e

solicítouse o preceptivo informe do Consello de Coordinación de Seguridade Industrial segundo establece o artigo 18.4.c) da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado, e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois.*

O Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, polo que se establecen os requisitos para a fabricación e comercialización dos xeradores de aerosois, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 6, que queda redactado do modo seguinte:

«1. Sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de outubro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e se derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006, os xeradores de aerosois ou a etiqueta que leven adxunta, cando o tamaño reducido do seu envase non permita levar consignadas indicacións (envases con capacidade igual ou inferior a 150 mililitros), deberán levar de maneira visible, lexible e indeleble as indicacións seguintes:

- a) O nome e o enderezo ou a marca rexistrada do responsable da comercialización do xerador de aerosol.
- b) O símbolo de conformidade co presente real decreto, é dicir, o signo «3» (épsilon invertido).
- c) Indicacións cifradas que permitan identificar o lote de produción.
- d) Os datos a que se refire a epígrafe B.2 do anexo.
- e) O contido en volume.»

Dous. Na epígrafe A) do anexo engádense os números 7 bis e 7 ter, coa seguinte redacción:

«7 bis. Substancia.—Enténdese por «substancia» un elemento químico e os seus compostos naturais ou os obtidos por algún proceso industrial, incluídos os aditivos necesarios para conservar a súa estabilidade e as impurezas que inevitablemente produza o procedemento, con exclusión de todos os disolventes que se poidan separar sen afectar a estabilidade da substancia nin modificar a súa composición (segundo a definición recollida no artigo 2. 7 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008).

7 ter. Mestura.—Enténdese por «mestura» unha mestura ou solución composta por dúas ou máis substancias (segundo a definición recollida no artigo 2.8 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008).»

Tres. Modifícase a epígrafe B) do anexo, que queda redactada como segue:

«B) Disposicións xerais.

Sen prexuízo de disposicións específicas do anexo relativas aos requisitos sobre o perigo de inflamabilidade e presión, a persoa responsable da comercialización de xeradores de aerosois estará obrigada a analizar os perigos para identificar aqueles que sexan de aplicación aos seus produtos. Cando proceda, esta análise incluírá un exame dos riscos resultantes da inhalación da pulverización emitida polo xerador de aerosol en condicións normais ou razoablemente previsibles de uso, tendo en conta a distribución de tamaño das gotas en combinación coas propiedades físicas e químicas dos contidos. Deberá entón deseñalo, fabricalo e sometelo a proba e, se for o caso, redactar declaracións especiais relativas ao seu uso, tendo en conta a análise que realizase.

1. Fabricación e equipamento.

a) O xerador de aerosol acondicionado deberase axustar, en condicións normais de uso e almacenamento, ás disposicións do presente anexo.

b) A válvula, en condicións normais de almacenamento e de transporte, deberá permitir o cerramento practicamente hermético do xerador de aerosol e estar protexida contra toda abertura involuntaria e contra toda posibilidade de deterioración, por exemplo mediante unha cápsula de protección.

c) A resistencia mecánica do xerador de aerosol non se deberá poder ver afectada pola acción das substancias que conteña o recipiente, mesmo durante un período prolongado de almacenamento.

2. Etiquetaxe.—Sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008, os xeradores de aerosois deberán levar de forma visible, lexible e indeleble as seguintes mencións:

a) Calquera que sexa o seu contido:

1.º o código da indicación de perigo H229: «Envase a presión. Pode reventar se se quenta»;

2.º os consellos de prudencia P210 e P251 recollidos na parte 1, táboa 6.2, do anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008;

3.º os consellos de prudencia P410 e P412 recollidos na parte 1, táboa 6.4, do anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008;

4.º o consello de prudencia P102 recollido na parte 1, táboa 6.1, do anexo IV do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008, cando o xerador de aerosol sexa un produto de consumo, e

5.º calquera precaución de uso adicional que advirta os consumidores dos perigos específicos do produto; se o xerador de aerosol leva unhas instrucións de manexo á parte, nelas deberán constar tamén as ditas precaucións de uso.

b) Se o aerosol está clasificado como «non inflamable» de acordo cos criterios da epígrafe A.9 do anexo, a palabra de advertencia «atención».

c) Se o aerosol está clasificado como «inflamable» de acordo cos criterios da epígrafe A.9 do anexo, a palabra de advertencia «atención» e as demais indicacións que deben figurar nas etiquetas dos «aerosois inflamables da categoría 2» a que se fai referencia na táboa 2.3.2 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

d) Se o aerosol está clasificado como «extremadamente inflamable» de acordo cos criterios da epígrafe A.9 do anexo, a palabra de advertencia «perigo» e as demais indicacións que deben figurar nas etiquetas dos «aerosois inflamables da categoría 1», recollidos na táboa 2.3.2 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

3. Volume da fase líquida.—A 50 °C o volume da fase líquida do xerador de aerosol acondicionado non deberá superar o 90% da capacidade neta.»

Disposición transitoria única. *Prazos de exhibibilidade dos novos requisitos e condicións no caso dos xeradores de aerosois que conteñan mesturas.*

1. No caso dos xeradores de aerosois que conteñan mesturas, os novos requisitos e condicións que se establecen, mediante as modificacións que se introducen no Real decreto 1381/2009, do 28 de agosto, por medio deste real decreto, serán exixibles a partir do 1 de xuño de 2015.

2. Non obstante o disposto no número 1, os xeradores de aerosois que conteñan mesturas poderanse etiquetar voluntariamente conforme os novos requisitos e condicións antes do 1 de xuño de 2015.

3. Os xeradores de aerosois que conteñan mesturas e se comercialicen antes do 1 de xuño de 2015 non deberán volver ser etiquetados conforme os novos requisitos e condicións até o 1 de xuño de 2017.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2013/10/UE da Comisión, do 19 de marzo de 2013, pola que se modifica a Directiva 75/324/CEE, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os xeradores aerosois, co fin de adaptar as súas disposicións en materia de etiquetaxe ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ